

O MIÑO NA LITERATURA

*Feito por: Inés I, Ana, e Inés R.
Toén 2022/2023*

ÍNDICE

1. Historia do río Miño.
2. Refráns.
3. Poesía 1.
4. Poesía 2.
5. Arte.
6. Cancións sobre o Miño.
7. Obras literarias sobre o Miño.
8. Lenda.
9. Mosteiros.
10. Igrexas.




HISTORIA DO RÍO MIÑO

O río Miño nace na serra de Meira (Lugo) a 700 m de altitude por debaixo do Pedregal de Irimia (Meira), desde onde desemboca baixo terra para reaparecer na Lagoa de Fonmiñá (A Pastoriza). Durante un tempo falouse deste feito, xa que hai quen o sitúa directamente na Lagoa de Fonmiñá.



REFRÁNS

1. Cando o río soa auga leva.
2. Neva no Miño, a auga ben de camiño.
3. Ao pé do río non merques caserío.
4. Río que non fai ruído, ou ben secou ou encorou.
5. Auga corente non mata xente, auga encorada tena matada.
6. Si a auga non corre o río morre.
7. Cando chove arreo o río asulaga o terreo.
8. Ramos mollados Pascuas enxotas, bo ano de froitas e troitas.
9. A río revolto ganancia de pescadores.
10. Non se collen as troitas a bragas enxotas.
12. No bo río péscase a troita.
13. Auga pasada non move o muiño.



POESÍA 1

Véndo-os assim tão pertinho,

A Galiza mail´o Minho

São como dois namorados

Que o río traz separados

Quasi desde o nascimento.

Deixa-os, pois, namorar,

Já que os paes para casar

Lhes não dão consentimento.

João Verde.



POESÍA 2

**O Miño é vello e é tristeiro
sempre vai mudo. E vai senlleiro.
No inverno semella que murmura
un segredo con forte voz escura.
Un escoita, atento e esperanzado,
e o vello Miño, sempre vai calado.
Manuel María.**



ARTE

Estes cadros están inspirados no río Miño.



CANCIÓNS SOBRE O MIÑO

O TREN QUE ME LEVA POLO RÍO MIÑO

Me leva e me leva polo meu camiño.

O tren vai andando pasiño a pasiño

E vaime levando cara o meu destiño.

**Alguén pode ser que me espere na estación,
Na terra da felicidade.**

Todo o que sexa amor e paz

O atoparei, eu o terei

Ca miña moza no meu lar.

O tren que me leva camiña e camiña

Vai botando fume, corre pola vía.

O río vai feito un mar de ledicias



CANCIÓNS SOBRE O MIÑO

No tren pouco a pouco volvo á miña Galicia.
Pasei moito tempo sen lar, lonxe de eiquí,
Foron mil noites cheas de soidá.
Falando coa xente pola mañá
Escoitarei e saberei o que pasou polo meu lar.
O tren que me leva pola beira do Miño
Me leva e me leva polo meu camiño.
O tren vai andando pasiño a pasiño
E vaime levando cara o meu destiño.
Alguén pode ser que me espere na estación,
Na terra da felicidade.
Todo o que sexa amor e paz
O atoparei, eu o terei
Ca miña moza no meu lar.





https://youtu.be/DHvfk99_KII

OBRAS LITERARIAS SOBRE O MIÑO

Estas son algunhas obras literarias sobre o Miño.

- O poeta do Miño. (Carlos Taboada)
- O Miño. (Anselmo Lopez Carreira)
- Os Bolechas “O esteiro do Miño”. (Pepe Carreiro)
- Río Miño. (Joaquín Araujo)
- Contos do Miño. (Eliseo Alonso)
- Ribeiras do Miño. (Serafín Marqués Gil)





LENDA

LENDA DA VIRXE E O NENO DE PORTOMARÍN

A carón da Capela de Santa Mariña, no emprazamento orixinal, antes de que tiveran que trasladala ao novo pobo de Portomarín, tras a inundación deste pola construción do encoro de Belesar, había un percorrido do río cunhas penedas moi grandes.

Unha destas penedas tiña a metade da pedra cuberta pola auga e a outra metade por fóra. Nunca desaparecía da vista dos que por alí andaban anque houbera secas importantes, ou grandes enchentes. Esta peneda é a mostra da verdade da seguinte lenda:

María, San Xosé e máis O Neno estiveron en Galicia fuxindo de Herodes. A Virxe levaba ó neno durmido no colo. San Xosé tiraba pola corda do burro no que ían María co neno en brazos.

Ó chegaren a aquel sitio de Portomarín, á beira do Río Miño, os tres quixeron cruzar. As augas facían moito ruído ó pasaren entre os penedos e os cachóns, porque estes imprimíanlle aínda máis velocidade. María, non querendo que o neno espertara, dixo: -"Río Miño, Río Miño, pasa quedo e caladiño. Non espertes ó neniño que xa o levo durmido". -E o río voltouse calmo, pousado e silencioso naquel tramo do seu curso en contraste cos cachóns que hai catro ou cinco quilómetros máis abaixo.

Contan a xente de Portomarín que a familia pasou o río sen problemas e que o Neno non espertou. Naquela peneda do río aínda está a pisada do burro cando, pousou alí unha pata.

MOSTEIROS

Pola beira do Miño hai **mosteiros**, agora imosvos falar deles:

1. O **mosteiro de Santo Estevo de Atán** é unha edificación relixiosa que se atopa na marxe esquerda do río Miño, na parroquia de Atán, no concello de Pantón, da que practicamente só queda a igrexa. Está situado preto de terras asolagadas polo encoro dos Peares en plena Riveira Sacra.

2. **Mosteiro de Santa María de Melón.** O Mosteiro de Melón foi fundado en 1142 pola orde do Císter grazas á doazón por parte de Afonso VII dun gran coto formado polas poboacións veciñas.

IGREXAS

Pola beira do Miño hai igrexas, agora imos mostrar algunhas igrexas:

1. A **igreja de Santo Estevo de Ribas de Miño** é un templo relixioso de estilo románico situado na parroquia de Santo Estevo de Ribas de Miño, no concello do Saviñao. Foi declarada Ben de Interese Cultural en 1931.
2. A **Igrexa de Santa María de Nogueira de Miño** é unha igrexa de base románica que data da segunda metade do século XII, pero con posibles orixes anteriores polo uso dunha ábsida recta que podería vinculala a unha época anterior.



WEBGRAFÍA

https://www.rios-galegos.com/Pedro_Ricardo.htm

https://www.galiciadigital.com/pcd/Biblioteca/narrativa/lendas/lenda_viva/virxe.htm

An aerial photograph of a coastal town and bay. The town, with red-roofed buildings and a marina, is in the foreground. A large body of water, likely a bay or fjord, dominates the middle ground, surrounded by lush green hills and forests. In the background, a large mountain rises under a clear blue sky. The word "FINN" is overlaid in large, bold, black, sans-serif capital letters across the center of the image.

FINN